

PROGRAMA DE FORMACIÓN AGA 2016

AGA organiza para esta primavera un programa de formación que inclúe : 14 cursos de iniciación gratuitos para socios/as; 3 cursos de especialización sobre reprodución apícola, cría de raíñas e produción ecolóxica, só para socios/as e de pago ; un curso de iniciación á reprodución do apiario e un curso de cosmética apícola. Na web de AGA www.apiculturagalega.es pódese consultar a información detallada e os programas de cada curso.

O programa inclúe ademais a celebración das seguintes xornadas, das que se informará en próximos correos apícolas :

- Día da Abella, 20 de maio en Allariz
- 31ª Mostra Galega de Apicultura, 4 de xuño en Arzúa
- Xornadas Internacionais sobre a Vespa velutina, 1 e 2 setembro en Lugo.

STOP VELUTINA PRIMAVERA

Agora é o momento de facer o trapeo para capturar fundadoras e rebaixar o número niños no verán. Estas trampas débense colocar alí onde haxa flores visitadas pola velutina: hortas, camelias, ameixeiras, etc. Pódense adquirir trampas e atraíntes en AGA ou facelas caseiras. Contactar coa asociación para máis info.

ACTIVIDADES DAS DAGAS

DAGA FERROL

SEMANA DAS ABELLAS DE FERROL no Centro Cultural Carvalho Calero. Programa educativo « As abellas na escola », exposición do 29 de marzo ao 1 de abril e Xornadas Técnicas os días 1, 2 e 6 de abril, nas que expertos/as falarán sobre abellas e biodiversidade, a flora apícola e os beneficios do propóleo na saúde humana.

Técnicas de apicultura natural sostible (60 h.), de abril a setembro en Sedes - Narón. Gratuito.

Selección de raíñas e multiplicación do colmeaar (24 h.) A partir de finais de abril. Prezo : 50 €.

Formación para os grupos de intervención Vespa velutina. (12 h.). Gratuito.

Xornadas técnicas de multiplicación do apiario (8 h). Socios/as de AGA gratuito, resto 30 €.

Obradoiros de reciclado da cera e elaboración de xabóns artesanais con produtos da colmea. (4 h).

Información e inscricións : Tel. 661 378 960 ou email dagaferrol@hotmail.com

DAGA OURENSE

Charla Stop Velutina e asemblea da DAGA na Casa da Cultura de Allariz o día 9 de abril ás 18.30 h.

DAGA EUME

Análises físico-químicas e polínicos do mel. 17 e 30 de abril de 16 a 21 h. Socios/as da Casa do Mel 40 € e resto 50 €.

Iniciación á apicultura: 20 h teórico – prácticas. A partir de maio.

Colleita, limpeza e envasado de pole: 10 h teórico – prácticas.

Cría de raíñas e extracción de xelea real: 20 h teórico – prácticas.

Prácticas de trepa para a retirada de niños de velutina.

Os cursos terán lugar na Casa do Mel en Goente (As Pontes) e serán de pago, menos o de iniciación, que para socios/as de AGA Eume e Casa do Mel é gratuito. Información e inscricións : Tel. 661 003 616 ou email casadomel@vodafone.es

DAGA RÍAS BAIXAS

I XORNADAS APICOLAS, 20 e 21 de maio no Auditorio Lois Tobío en Gondomar. Celebración do Día Mundial da Abella o 20 de maio con actividades para escolares e Xornada Apícola o 21 de maio con ponencias impartidas por técnicos/as de AGA e da Universidade de Vigo e apicultores profesionais. Máis información : daga.riasbaixas@gmail.com.

CALENDARIO CURSOS AGA 2016

INICIACIÓN

1. Gondomar.

Centro Neural de Gondomar, 8, 9 e 10 de abril.*

2. Mondariz.

Centro Social de Mondariz, 16 e 17 de abril.

3. Meis.

Centros Multiusos o Mosteiro, 23 e 24 de abril.

4. O Corgo.

Local de Veciños de Pedrafita. 23 e 24 de abril. **

5. Abegondo.

Casa das Abellas, 23 e 30 abril.

6. Cualedro.

Centro Interpretación dos Castros, 30 abril e 1 maio.

7. Moaña.

Casa da Mocidade - Barrio do Rosal, 30 abril e 1 maio

8. Amoeiro.

Fundación Otero Pedrayo - Trasalba, 7 e 8 de maio.

9. Courel.

Estación Científica USC - Seoane, 14 e 15 de maio.

10. Muíños.

Local do concello (pendente confirmar), 21 e 22 maio.

11. Santiago de Compostela.

CIAC Belvís e Casa das Abellas (Abegondo), 22 e 28 maio.

12. Arzúa.

Centro do Queixo e do Mel e Casa das Abellas (Abegondo), 11 e 18 de xuño.

13. Monforte.

Pazo de Tor, 18 e 19 de xuño.

14. Noia.

Edif. Admin. Espírito Santo, 2 e 3 de xullo.

Horario xeral : De 11 a 14 e de 16 a 19 h.

* Gondomar : Venres de 17 a 20 h., sábado de 11 a 14 e de 16 a 18 h. e domingo de 11 a 14 h.

** O Corgo : Sábado de 10:30 a 14:00 e 16:00 a 19:00, domingo de 10:30 a 14:00 e 16:00 a 18:00

Prezo : 50 €. Gratuito para socios/as de AGA.

Inclúe libro "Curso de Apicultura"

Nº participantes: 15 mínimo

ESPECIALIZACIÓN

Hai que ter formación apícola previa. Só para socias e socios de AGA.

1. Reprodución apícola, cría de raíñas e selección

Docentes: Marcos Varela e Jara Varela de Abella Meiga

Lugar: Outeiro de Rei (Lugo)

1a. Reprodución apícola e cría de raíñas

Datas e horario: 30 de abril e 1 de maio (teoría), 18 de xuño (práctica). De 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Número de participantes: 15 máximo.

Prezo: 70 €, inclúe unha raíña virxe e resumo dixital do curso.

1b. Selección e mellora en apicultura

Data e horario: 19 de xuño (teoría e práctica).

De 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Número de participantes: 15 máximo.

Prezo: 40 € incluíndo o resumo do curso en formato dixital.

2. Reprodución e multiplicación do apiario.

Docentes : Apilarouco.

Lugar: "Centro de Interpretación dos Castros", Cualedro

Datas e horario: 11 e 12 de xuño, de 10:30 a 13:30 h e de 16 a 19 h.

Nº de participantes : 25 máximo

Prezo: 45 €

3. Producción e comercialización ecolóxica de mel e pole.

Docentes : Perfecto García, Manuel García e Paco García.

Lugar : Museo do Xoguete. Rúa do Portelo. Allariz

Datas e horario : 2 e 3 de xullo, de 11 a 14 e de 16 a 19 h.

Nº participantes : 15 mínimo e 25 máximo

Prezo : 50 €

OUTROS CURSOS

1. Curso de iniciación á reprodución do apiario

Forum Carballo, 29 de maio de 11 a 14 e de 16 a 19 h.

Organiza DAGA Bergantiños.

Nº participantes : 15 mínimo e 30 máximo.

Prezo : Gratuito para socios/as de AGA

2. Cosmética apícola

Aula Apícola de Maceda – Centro Multiusos do Concello

28 de maio, de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 18:30.

Imparte o curso Fina Pérez.

Nº participantes: 10 mínimo e 15 máximo

Prezo: 30 €. Inclúe mostra dos produtos e apuntes coa teoría.

INSCRICIÓN

Indicar nome, NIF, email e teléfono por email a info@apiculturagalega.es ou tel/fax 981 589 534 e 981 508 142.

Cursos de pago : Ingreso no nº de conta ES02 2080 0348 38 3000018210, indicando nome e lugar do curso no concepto e enviar o xustificante a AGA xunto cos datos do participante por email ou tel./fax.

Data límite inscricións: 1 semana antes do curso

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

www.apiculturagalega.es / Email : info@apiculturagalega.es / Tel. 981 508 142 / 981 589 534/ 630 069 637